

«A razón do meu libro é explicar a presenza dos cataláns en Galicia»

M. Beceiro Santiago/La Voz

O autor presenta a súa novela «Poñente», editada por Xerais

22 de novembro de 2011

https://www.lavozdegalicia.es/noticia/santiago/2011/11/22/razon-do-meu-libro-e-explicar-presenza-dos-catalans-galicia/0003_201111S22C4991.htm

O escritor catalán afincado en Galicia, Pere Tobaruela, presenta hoxe, ás 20 horas, na Sala de Profesores da Facultade de Xeografía e Historia, o seu libro *Poñente*, editado por Xerais, nun acto que contará coa participación de Juan Monterroso, Lourenzo Fernández Prieto, Xoán Carmona e Manuel Bragado. O poñente e a súa luz guían os dous protagonistas desta novela, Carme e Josep, ela obrigada a cuestionarse a súa identidade sexual, e el un dos pioneiros cataláns do século XIX que emigraron cara a terras galegas asentándose aquí para sacar adiante a industria da salgadura.

-¿Cal é o obxectivo que perseguíu ao escribir esta ficción?

-O motor do libro é a presenza dos cataláns que chegaron aquí para por en marcha a industrias das salgaduras. Ese é o motor do libro. A partir de aquí comeza a parte na que se mergulla unha situación especial e o coñecemento do mundo dos cataláns.

-¿Cal é a razón dese xogo do presente e o pasado?

-A razón do libro é explicar a presenza dos cataláns aquí para por en marcha a industria da salgadura. E a maneira de explicalo é establecendo esa relación do presente co pasado. Son como dúas novelas nunha, pero na que todo está entrelazado. É esa dobre mirada para permitirle ao lector unha mirada hoxe en día, para explicar ese pasado desde o presente en primeira persoa.

-¿Por que lle interesou afondar nesa pegada dos cataláns na Galicia do século XIX?

-O meu interese é á mesma vez o punto de partida da obra. A protagonista principal está nun cemiterio de Pobra do Caramiñal onde ve, como o autor, unhas lápidas con apelidos cataláns. Entón, a pregunta é que pasou logo.

-¿Que cuestións descoñecidas aluma este «Poñente» sobre a estancia dos pioneiros cataláns aquí?

-Este tema tratouse moi colateralmente na literatura galega. Pero agora, tras esta novela, todos os críticos concordan en que é unha historia que todo o mundo sabe pero que ninguén lera. Entón, eu poño en orde unha serie de ideas, explicoas e xa está.

-¿O espazo da historia é só Galicia ou tamén Cataluña?

-Hai partes que transcorren tamén en Cataluña, en Sitges e Esplugues de Llobregat. Tamén en Porto, porque os cataláns movéronse moitísimo nesa época para buscar os mercados.